

Coa nómina de agosto os empregados públicos galegos cobraremos o último 25% da extra de 2012 e a parte proporcional do complemento específico (ou paga equivalente) da extra de xuño 2013 correspondente aos meses de xaneiro e febreiro

Por un lado a devolución do 25% da extra de 2012 estaba previsto cobrala coa nómina de setembro. Polo outro, a parte proporcional do complemento específico da extra de xuño de 2013 obedece a multitude de sentenzas xudiciais gañadas e ao acordo que CCOO e outras centrais sindicais asinamos coa Xunta de Galicia no que se comprometía este pago no ano 2016. Pois ben o adiamento das eleccións autonómicas obraron o milagro. A Xunta anuncia no DOG de 5 de agosto o adiamento do pago das dúas cantidades xunto coa nómina deste mes ([enlace a DOG](#)). **Así Feijoo e o seu goberno queren converterse nos “bos e xenerosos”**

CCOO-ensino congratúlase do adiamento do cobro dunhas cantidades que se nos debían porque **xa eran nosas e porque xa foran gañadas nos xulgados**. Pero temos que recordarlle a Feijoo, ao seu goberno e ao PP que **aínda nos deben moito diñeiro aos empregados e empregadas públicas de Galicia**; concretamente a parte proporcional do complemento específico de todas as pagas extras desde o 2013 ata o 2016 que ascende a cantidades que van dende os **3.074,94 € aos 8.446,96 € euros** segundo corpos/categorías e antigüidade (ver cadro de cantidades). Polo tanto o “esfuerzo” que están a facer non é suficiente.

Desde CCOO-ensino **esiximos a devolución de toda a débeda salarial**, pero tamén a volta ás condicións laborais anteriores aos recortes. Que incorporen estas premisas ao seu programa electoral se queren falar connosco.

CCOO-ensino quere recordarlles a todas as empregadas e empregados públicos que Feijoo, o seu goberno e o PP **levan xa demasiados anos imponéndonos sacrificios inxustos e pretendendo desprestixiarnos ante a opinión pública**. E agora cando chegan as eleccións pretenden insultarnos intentando borrar da nosa memoria tantas afrontas anteriores co pago de algo que é noso por dereito propio. Non podemos fiarnos de persoas que levan tempo atacando os nosos dereitos e que se volven a gobernar, sen dúbida, seguirán facendoo. As empregadas e empregados públicos galegos temos que decirlle a Feijoo e os seus amigos que o noso voto non se vende.

**Que non compren o teu voto.**

## PERSOAL DOCENTE

### ELIMINACIÓN DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO DA PAGA EXTRA

CORPO	ANTIGÜIDADE	2013	2014	2015	2016	PERDA TOTAL
MESTRES/AS PES PT FP	0 trienios	1.165,82 €	1.165,82 €	1.165,82 €	1.165,82 €	4.663,28 €
	2 trienios / 1 sexenio	1.284,24 €	1.284,24 €	1.284,24 €	1.284,24 €	5.136,96 €
	4 trienios / 2 sexenio	1.436,5 €	1.436,5 €	1.436,5 €	1.436,5 €	5.746,00 €
	6 trienios / 3 sexenio	1.639,56 €	1.639,56 €	1.639,56 €	1.639,56 €	6.558,24 €
	8 trienios / 4 sexenio	1.927,18 €	1.927,18 €	1.927,18 €	1.927,18 €	7.708,72 €
	10 trienios / 5 sexenio	2.011,76 €	2.011,76 €	2.011,76 €	2.011,76 €	8.047,04 €
CATEDRÁTICOS/AS	4 trienios / 2 sexenio	1.536,48 €	1.536,48 €	1.536,48 €	1.536,48 €	6.145,92 €
	6 trienios / 3 sexenio	1.739,54 €	1.739,54 €	1.739,54 €	1.739,54 €	6.958,16 €
	8 trienios / 4 sexenio	2.027,16 €	2.027,16 €	2.027,16 €	2.027,16 €	8.108,64 €
	10 trienios / 5 sexenio	2.111,74 €	2.111,74 €	2.111,74 €	2.111,74 €	8.446,96 €

## PERSOAL LABORAL

	PERDA 2013		PERDA 2014		PERDA 2015		PERDA 2016		PERDA TOTAL GALICIA
	Complemento específico	Contía adicional equivalente ao c. de destino	Complemento específico	Contía adicional equivalente ao c. de destino	Complemento específico	Contía adicional equivalente ao c. de destino	Complemento específico	Contía adicional equivalente ao c. de destino	
GRUPO I	981,08 €	61,52 €	981,08 €	61,52 €	981,08 €	61,52 €	990,89 €	62,12 €	4180,81 €
GRUPO II	864,8 €	37,68 €	864,8 €	37,68 €	864,8 €	37,68 €	873,4	38,04 €	3618,92 €
GRUPO III (Categoría 1 a 59)	864,8 €	25,56 €	864,8 €	25,56 €	864,8 €	25,56 €	873,44 €	25,81 €	3570,33 €
GRUPO III (Categoría 60 en adiante)	825,98 €	24,46 €	825,98 €	24,46 €	825,98 €	24,46 €	834,24 €	24,7 €	3410,26 €
GRUPO IV	787,26 €	10,4 €	787,26 €	10,4 €	787,26 €	10,4 €	795,13 €	10,5 €	3198,61 €
GRUPO V	748,48 €	18,34 €	748,48 €	18,34 €	748,48 €	18,34 €	755,96 €	18,52 €	3074,94 €